

# Dereitos económicos

## I. Conceptos retributivos

### I.1. Retribucións básicas

---

- a) O soldo que se fixa en función do grupo de pertenza do funcionario ou funcionaria. Existen cinco grupos de funcionarios: A, B, C, D, E.
- b) Os trienios consisten nunha cantidade igual para cada grupo por cada tres anos de servizo no corpo. No caso de que un funcionario ou funcionaria preste os seus servizos sucesivamente en diferentes corpos terá dereito a seguir percibindo os trienios devengados nos grupos anteriores. Cando se cambie de grupo antes de completar un trienio, a fracción de tempo transcorrido considerarase como tempo de servizos prestado no novo grupo.
- c) As pagas extraordinarias. Son dúas ao ano por un importe cada unha delas de unha mensualidade do soldo, trienios, complemento de destino e, de forma progresiva até fins do ano 2009, complemento específico con todos os seus conceptos incluídos.

### I.2. Retribucións complementarias

---

- a) O complemento de destino correspondente ao nivel do posto que se desempeñe.
- b) O complemento específico destinado a retribuír as condicións particulares dos postos de traballo. Dentro do complemento específico están inseridos tamén os concertos por desempeño de organismos de goberno unipersoais, o desempeño de postos docentes singulares e os sexenios. Para percibir o sexenio será necesario acadar 100 horas de formación (en créditos non inferiores a 10 horas). No suposto de que o profesor ou a profesora complete os seis anos de servizo necesarios para perfeccionar un sexenio e non poda acreditar as horas de formación esixidas, o sexenio perfeccionarase o día en que se acredite a formación e terá efectividade económica o 1 do mes inmediatamente seguinte. O profesorado de Primaria que imparte docencia no primeiro ciclo da ESO cobra no ano 2007 un complemento mensual de 110,53 €, incluídos no complemento específico.
- c) IPC galego. Representa o 0,3784%, das retribucións brutas de cada percetor/a

Desde a entrada en vigor do Estatuto básico do empregado público as retribucións do profesorado interino contempla tamén a percepción de trienios.

### 1.3. Descontos

---

- a) MUFACE. As cotas mensuais de cotización a MUFACE corresponden ao tipo do 1,69 % do haber regulador de cada grupo. Nos meses de xuño e decembro esta cota é dupla.
- b) Dereitos pasivos. As cotas mensuais de dereitos pasivos corresponden ao 3,86 % do haber regulador de cada grupo. Nos meses de xuño e decembro esta cota é dupla.
- c) IRPF. As deducións por este concepto varían para cada perceptor/a en función da súa situación persoal ou familiar.

A diferenza, en cómputo mensual, entre a xornada regulamentaria de traballo e a efectivamente realizada polo funcionariado dará lugar, agás xustificación, á correspondente dedución proporcional de haberes. Para o cálculo do valor-hora aplicábel á dita dedución tomarase como base a totalidade das retribucións íntegras mensuais que perciba o funcionario ou a funcionaria, dividida entre o número de días naturais do correspondente mes e, pola súa vez, este resultado polo número de horas que se teña obriga de cumprir de media cada día.

### 1.4. Dietas e indemnizacións

---

- Por participación en tribunais de oposición.
- Por asistencia a actividades de formación non organizadas pola Administración educativa (só matrícula e desprazamentos).
- Reunións de organismos colexiados da Administración galega (non se inclúen os do Centro educativo).
- Traslado forzoso que orixine cambio do termo municipal de residencia oficial.



**Normativa:**

Capítulo V da Lei 30/1984, de Medidas para a reforma da función pública.  
 Ordes anuais polas que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.  
 Orde do 3 de maio de 2001 pola que se regula procedemento para o reintegro de gastos por actividades de formación.  
 Decreto 299/1990, sobre indemnizacións por razón de servizo.